

SESIÓN: VENRES 8 DE MAIO, 2020

L. GALEGA

3º DE. ED. PRIMARIA

Bos días, nenos e nenas:

Xa rematamos a semana! Pero antes, imos ler “Apagade a wifi” de Luz Cures.

Comezamos!

• COMPETENCIA LECTORA.



The illustration shows a family of five sitting at a dining table. An elderly woman (the grandmother) is sitting at the head of the table, looking sternly at the others. She has a sign taped to the wall behind her that reads 'AQUÍ NON HAI WiFi MENTRES LUÍSA NON O DIGA.' The other four people (three children and one young man) are all looking at their mobile phones. The table is set with plates of food, glasses, and a pitcher. The scene is set in a bright, sunny room with a window in the background.

## Apagade a wifi!

A miña avoa dálle moitísima rabia que vaíamos visitala e que ninguén levante a cabeza do móbil. Ou oír os sons das mensaxes que saen a cada pouco dos petos. Non vou dicir que miña avoa sexa unha antiga e que roñe por roñar. Ela é unha muller que tamén está moi ao día. Ela dío porque ten toda a razón.

O domingo estabamos á mesa na hora do xantar, cada un co seu aparatiño. Aquilo non tiña traza: miña irmá con risiñas parvas (a saber con quen laretaba), meu pai con cara de abraio probando unha nova aplicación para saír de camiñada e miña nai dálle que dálle a eses adiantos que xura que lle fan a vida máis fácil.

Eu tamén estaba co meu xogo na consola. Só me deixan abri-lo na fin de semana. Que lle vou facer se me cadra na casa da avoa! Non?

De súpeto, escoitamos:  
–Está bo o gato? Eu creo que con este **prebe** que lle puxen, está ben bo!

Miña avoa é tremenda. Nun segundo conseguiu a atención dos catro. E entón sinalounos o cartel, moi traballado, que tiña pegado na parede e no que non repararamos:

AQUÍ NON HAI WIFI  
MENTRES LUÍSA  
NON O DIGA.

E **botounos un bo responso** sobre a wifi, a comunicación, a soidade... e chegounos a todos moi dentro. Así que acordamos estar máis ao que hai que estar cando se está en familia.

Ao acabar de xantar, falaron de ir apañar unhas castañas ao monte para asar na merenda. Malia ser boa idea, eu estaba algo arrefriado, así que quedei na casa. Boteime no sofá e adormecín.

Foi entón cando soñei que estaba xogando e que o gato, sentado no sofá coma unha persoíña, me dicía se lle botaba unha partida en liña. Retábame dicindo que era unha máquina invencible.

Eu aceptei, pero xogaba e mirábao desconfiado. Non me daba tranquilidade velo coas unllas de fóra dándolles aos botonciños, e pasándoas pola pantalla, ata facía o ruído ese que fai o trapo contra os cristais cando están requetelimpas. El tamén me miraba a min de esguello, eu ben o notaba.

E protestaba seguido: «Breixo, para onde vas?», «Breixo, éntralle aí», «A ver, neno, tes chourizos en vez de dedos ou que é?».

A verdade é que, pouco e pouco, eu estaba gañando algo de medo, porque o miquiño comezaba a poñerse agresivo, non lle gustaba o meu xogo. Calquera se lle **arrepoñía**, víase moi seguro e facíame xogar unha partida tras outra, aínda que eu pedía papas e quería acabar xa.

Cando os demais chegaron das castañas, toparon o gato que estaba miañando por riba de min e eu **espernexando** e berrando:  
-Apagade a wifi!!! Apagade a wifi!!!

**prebe:** salsa.

**botounos un responso:** rifounos, chamounos a atención.

**arrepoñía:** facía fronte para defenderse.

**espernexando:** movendo as pernas sen parar.

LUZ CURES



Despois de ler, con moita atención o texto. Responde as seguintes preguntas:

1. Escolle a opción correcta en cada caso:

- a) Quen conta a historia? \_\_\_\_\_ A avoa    \_\_\_\_\_ Breixo    \_\_\_\_\_ O pai.
- b) Que día é?    \_\_\_\_\_ Luns    \_\_\_\_\_ Mércores    \_\_\_\_\_ Domingo.
- c) Onde están todos? \_\_\_\_\_ Na casa de Breixo  
\_\_\_\_\_ Na casa da avoa  
\_\_\_\_\_ Nun restaurante.

2. Contesta.



- a) Quen o di e cando? \_\_\_\_\_
- b) Por que o di? \_\_\_\_\_
- c) Como reaccionan os comensais? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3. Explica.

- a) Que lles mostrou a avoa na parede? Por que? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- b) Que fixo a familia despois do xantar? Por que Breixo non foi? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

4. Elixo a imaxe que representa mellor como foi o soño de Breixo e responde.



a) Que lle dicía o gato a Breixo? Por que? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

b) Por que Breixo pide que lle apaguen a wifi? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

5. Anota palabras do texto que se refiren a elementos relacionados coa tecnoloxía e explica un deles.

---

---

---

---

---

---

É necesario que me envies esta actividade de competencia lectora ao meu correo electrónico: [lolitercerosanrosendo@gmail.com](mailto:lolitercerosanrosendo@gmail.com)

BOA FIN DE SEMANA!

Bicos a todos/as.

Loli.

